A actividade económica

3º ESO – IES Mendiño
Prof. Xoel Díaz Alonso

A actividade económica

A actividade económica

- A economía ocúpase de **satisfacer as necesidades e desexos humanos a traves da produción de bens e servizos**, a cambio dos cales obtén unha ganancia.

- Considérase “bens” aos obxectos tanxibles (ordenador, móbil...) e “servizos” ás actividades que non producen bens materiais (sanidade, educación, transporte...).



A actividade económica

- A economía está **presente en todas as facetas da vida diaria** (compra de produtos básicos, elección dunha profesión...).

- A actividade económica é fundamental para as sociedades, pois permite cubrir as necesidades básicas e **desenvolver proxectos colectivos e individuais**.





Compoñentes da actividade económica

Compoñentes da actividade económica

- A actividade económica ten **tres fases** diferenciadas:

Produción

Distribución

Consumo



Compoñentes da actividade económica

- A **produción** é o **proceso polo cal se obteñen bens** (produtos materiais como roupa ou vehículos) **e servizos** (educación, sanidade, transporte...).

- Para producir é necesario empregar **recursos naturais** (auga, terra, minerais...)**, traballo humano** e **capital** (diñeiro, maquinaria, teconoloxía...).



Compoñentes da actividade económica

- A produción pode **a pequena escala ou a gran escala**. Tamén pode estar destinada **ao autoconsumo ou ao mercado**.

- A **localización** das actividades produtivas depende de factores como relevo, clima, acceso a materias primeras, infraestruturas dispoñibles...



Compoñentes da actividade económica



Compoñentes da actividade económica

- A **distribución** consiste en **facer chegar os bens e servizos producidos ata os consumidores**.

- Inclúe o **transporte**, o **almacenamento**, a **publicidade** e a **venda** a través de distintos canais (tendas, mercados, supermercados, plataformas dixitais...).



Compoñentes da actividade económica



Compoñentes da actividade económica

- Tamén inclúe o **reparto dos beneficios entre os participantes do proceso produtivo**: empresas, traballadores, propietarios do capital ou o Estado, mediante impostos.

- A eficiencia e equidade na distribución son claves para acadar o benestar social.



Compoñentes da actividade económica

- O **consumo** é o **uso ou adquisición de bens e servizos para satisfacer as necesidades** das persoas.

- Pode ser un consumo básico (alimentación, vivenda, sanidade) ou superfluo (produtos de luxo, tecnoloxía de última xeración...).



Compoñentes da actividade económica

Compoñentes da actividade económica

- O consumo é considerado o **"motor da economía"**, xa que se aumenta, a demanda crece e, polo tanto, tamén o fai a produción.

- Os **hábitos de consumo** varían segundo o nivel de ingresos, a cultura, a idade ou a publicidade.

- Está crecendo o **"consumo responsable"**, que respecta o medio ambiente, apoia a economía local e evita o desperdicio.



Compoñentes da actividade económica

5 CONSUMOS RESPONSABLES

Universidad Tecnológica de Pereira

Centro de Gestión Ambiental
Universidad Tecnológica de Pereira

CAMBIA EL CENTRO COMERCIAL POR EL MERCADO

ESTARÁS COMPRANDO PRODUCTOS MÁS FRESCOS Y SEGUROS, SIN TRANSGÉNICOS, ADEMÁS DE APOYAR PRODUCTOS LOCALES.

EVITA LAS LATAS

Y LOS PRODUCTOS CON EXCESO DE EMVOLTORIO.



APAGA LAS LUCES

AL SALIR DE LAS HABITACIONES.

RECHAZA LAS BOLAS DE PLÁSTICO

QUE DAN EN LOS SUPERMERCADOS, SI PUEDES LLEVA TUS PROPIAS BOLSAS DE TELA O REUTILIZABLES.

PREFERIR PRODUCTOS CON **ENVASES RETORNABLES Y REUTILIZABLES.**

Compoñentes da actividade económica

- O valor en diñeiro de todos os bens e servizos producidos nun ano nun territorio denomínase **produto interior bruto (PIB)**. Este indicador reflicte a riqueza dun territorio.

- Tamén hai que citar o **PIB per cápita** (indica a riqueza media dunha poboación).



Compoñentes da actividade económica



Compoñentes da actividade económica

Los países más ricos del mundo

PIB (miles de millones de dólares, abril de 2022)



Autor:
Álvaro Merino (2022)
Fuente:
FMI (2022)

EOM
elordenmundial.com

A satisfacción das necesidades humanas

Los ciudadanos más ricos del mundo

PIB per cápita (dólares en PPA, octubre de 2022)*



*Sin datos de Liechtenstein y Mónaco

Autor:
Álvaro Merino (2022)

Fuente:
FMI (2022)

EOM
elordenmundial.com

Sectores da actividade económica

Os sectores económicos

- As actividades económicas poden clasificarse en **tres grandes sectores**:
  - ***Sector primario***
  - ***Sector secundario***
  - ***Sector terciario***

Os sectores económicos

Os sectores económicos

- O **sector primario** comprende as actividades que obteñen directamente os recursos da natureza.

- Dentro del podemos incluír a **agricultura**, a **gandería**, a **pesca**, e a **explotación forestal**.

Os sectores económicos

Os sectores económicos

Os sectores económicos

Os sectores económicos

Os sectores económicos

- Estas actividades teñen **relación directa co medio natural** e dependen moito das condicións climáticas, do relevo, da calidade dos solos ou da proximidade dos bancos de pesca.

- O sector primario é especialmente importante en **zonas rurais ou costeiras**.

Os sectores económicos

Os sectores económicos

Os sectores económicos

Os sectores económicos

Os sectores económicos

- O **sector secundario** engloba as actividades que transforman as materias primas en produtos elaborados ou semielaborados.

- Inclúense actividades como a **industria**, a **construción** e a **minería** (esta podería entenderse tamén como actividade primaria).

Os sectores económicos

Os sectores económicos

Os sectores económicos

Os sectores económicos

- Estas actividades requiren un maior **desenvolvemento tecnolóxico**, investimentos en **capital** físico e **persoal cualificado**.

- O sector secundario adoita concentrarse en **áreas urbanas** ou preto dos **nodos de comunicación**.

Os sectores económicos

Os sectores económicos

- O **sector terciario** inclúe as actividades económicas que ofrecen servizos.

- Nel incluimos actividades como o **comercio**, o **transporte**, o **turismo**, a **educación** ou a **sanidade**.

Os sectores económicos

Os sectores económicos

Os sectores económicos

Os sectores económicos

Os sectores económicos

Os sectores económicos

- É o sector con máis peso nas **economías desenvolvidas**, e o que máis emprego xera.

- A súa expansión está ligada ao aumento do **nivel de vida**, ao **envellecemento** da poboación e ao desenvolvemento das **TIC**.

Os sectores económicos

- Os países máis avanzados teñen **economías terciarizadas** (nas que o sector servizos é maioritario).

- O crecemento deste sector produciuse a expensas da industria, debido ao aumento do gasto en servizos ao aumentar a renda. Este proceso estase estendendo aos países en vías de desenvolvemento.

Os sectores económicos

- **Os tres sectores están interrelacionados**: o primario fornece materias primas ao secundario, este produce bens que abastecen ao terciario, e o terciario ofrece servizos que sustentan aos demais sectores.

- O peso de cada sector nun territorio axuda a entender o seu nivel de desenvolvemento.

Os sectores económicos

Axentes económicos

Axentes económicos

- Os **axentes económicos** son os encargados de levar a cabo a actividade económica.
- Son as **empresas**, as **familias** e o **Estado**.
- Relaciónanse entre sí constituíndo un **circuito económico** no que intercambian traballo, bens e servizos a cambio de pagamentos.



Axentes económicos



Axentes económicos

- As **empresas** son as unidades básicas da actividade económica.

- A súa función é **producir, distribuir e vender bens** aos consumidores, e teñen por obxectivo a **obtención de beneficios económicos**. Pódense clasificar de diversas maneiras:



Axentes económicos

- **Segundo a súa titularidade**:
  - ***Públicas***: a xestión é do Estado.
  - ***Privadas***: están en mans de particulares.
  - ***Mixtas***: son de capital público e privado.



Axentes económicos

- **Segundo o seu tamaño**:
  - ***Pequenas***: ata 50 traballadores.
  - ***Medianas***: entre 50 e 250 traballadores.
  - ***Grandes***: máis de 250 traballadores.



*As pequenas e medianas son chamadas ***pemes***.

Axentes económicos

- **Segundo a súa organización social**:
  - ***Sociedades anónimas (S.A.)***: o capital divídese en accións.
  - ***Sociedades limitadas (S.L.)***: o capital é achegado por un número limitado de persoas.
  - ***Cooperativas***: xestionadas de maneira colectiva polos socios que aportan o capital.



Axentes económicos

- **Segundo a súa área de actuación**:
  - ***Locais***.
  - ***Nacionais***.
  - ***Internacionais***.



Axentes económicos

- No circuito económico, as empresas **venden os bens que producen ás familias e ao Estado**.

- A cambio reciben ingresos, cos que **pagan salarios ás familias polo seu traballo e impostos ao Estado**.



Axentes económicos

- As **familias** son as unidades básicas de consumo.
- A nivel económico, a súa función é **gastar na adquisición de bens e servizos** para satisfacer as súas necesidades.



Axentes económicos

- No circuito económico, as familias **“venden” o seu traballo ás empresas** privadas ou públicas.
- Co salario recibido, **adquiren bens ás empresas e pagan os impostos ao Estado**.



Axentes económicos

- O **Estado** é, desde un punto de vista económico, unha unidade de produción e consumo.

- O seu obxectivo é o benestar social, e as súas funcións son **producir bens materiais e servizos públicos** necesarios para a sociedade, e **consumir bens e servizos das empresas privadas**.



Axentes económicos

- No circuito económico, o Estado **proporciona ás empresas e ás familias ben e servizos** (infraestruturas, pensións, axudas, subvencións, seguros de enfermidade e desemprego...).

- O Estado **contrata traballadores públicos e cobra impostos tanto ás empresas como ás familias**.



Axentes económicos



Factores de produción

Factores de producción

- **As actividades económicas están influidas por diversos factores**, como a política económica dos gobernos, a globalización, as relacións internacionais...

- Calquer actividade económica precisa certos elementos (**recursos naturais, traballo, capital e tecnoloxía**) que se combinan para producir bens ou prestar servizos.

Factores de producción

- Os **recursos naturais** son os bens que proporciona a natureza e que os seres humanos utilizan para producir outros bens e servizos (auga, solos, minerais, bosques, fauna...).

- Os recursos naturais poden ser **renovables** ou **non renovables**.

Factores de producción

- **Renovables**: rexenéranse de forma natural (auga, vento, enerxía solar...). A súa explotación debe ser responsable para evitar a súa sobreexplotación.

- **Non renovables**: as súas reservas son limitadas e esgótanse co uso (combustibles fósiles ou certos minerais). O seu uso racional é esencial para garantir o desenvolvemento sostible.

Factores de producción

Factores de producción

Factores de producción

- Os principais **problemas** dos recursos naturais son a ***sobreexplotación*** (que leva ao seu esgotamento) e os ***conflitos internacionais*** (a medida que escaseen os recursos, pódense xerar conflitos).

Factores de producción

Factores de producción

Factores de producción

- O **traballo** é o esforzo físico ou intelectual das persoas para producir bens ou prestar servizos.
- **A cualificación, a formación e a experiencia** dos traballadores inflúen na súa produtividade.
- As **condicións laborais** (seguridade, dereitos sociais, salarios...) afectan ao rendemento e á calidade de vida da poboación.

Factores de producción

Factores de producción

- A poboación divídese en **activa** (cun traballo remunerado) e **inactiva** (pensionistas, estudantes, rendistas...).
- A **taxa de actividade** sería a porcentaxe de poboación activa en relación coa poboación e idade de traballar.

Factores de producción



Factores de producción



Factores de producción

- O **capital** comprende os bens (maquinaria, ferramentas, infraestruturas...) e recursos financeiros que se utilizan no proceso produtivo.

- Pode distinguirse entre o **capital físico** e o **capital financeiro**.

Factores de producción

- **Capital físico**: inclúe a maquinaria, instalacións, tecnoloxía, medios de transporte...
- **Capital financeiro**: inclúe o diñeiro e os recursos destinados ao investimento.

Factores de producción

Factores de producción

- A ***acumulación de capital*** é clave para o crecemento económico e a creación de emprego, e a ***dispoñibilidade de capital*** inflúe na produtividade e competitividade das empresas, así como na súa capacidade para innovar e adaptarse aos cambios do mercado.

Factores de producción

- A **tecnoloxía** é o conxunto de técnicas e procedementos aplicados para mellorar a produción.
- A **innovación** permite aumentar a produtividade, mellorar a eficiencia e reducir o impacto ambiental.
- O **desenvolvemento tecnolóxico** favorece a aparición de novos sectores económicos e a transformación dos existentes.

Factores de producción

Bonus:
Os sistemas económicos no mundo

Os sistemas económicos do mundo

- En cada época e lugar, a actividade económica organízase de xeito diferente. Chamamos **sistema económico** ao modo en que se producen os bens e servizos nunha sociedade e á forma en que se distribúen os beneficios.



- Actualmente coexisten tres sistemas, aínda que o **sistema capitalista** foi adoptado por case todos os países.

O sistema de subsistencia

- O **sistema de subsistencia**, propio de sociedades anteriores á Revolución Industrial, dase só nas sociedades menos desenvolvidas.

- A **economía baséase no sector primario**. A produción realízase con métodos tradicionais, con baixos rendementos e para consumo doméstico. O pouco comercio é local.

O sistema de subsistencia

O sistema comunista

- Nun **sistema comunista** o **Estado controla todos os aspectos da economía** (é propietario das empresas, decide que producir, fixa os prezos, esteblece como se deben repartir os beneficios...).

- Estivo moi extendido vai décadas, pero agora só se mantén nuns **poucos países: Cuba, Laos, Corea do Norte, Vietam e China**.

Os sistemas económicos do mundo

O sistema capitalista

- No **capitalismo, ou sistema económico de libre mercado** ten as seguintes características:
- A **propiedade privada dos medios de produción** (terras, maquinaria, tecnoloxía, empresas...).
- A **busca de beneficio** como motor de toda a actividade económica.

Os sistemas económicos do mundo

- A regulación do número de produtos elaborados e do seu prezo mediante a **lei da oferta e a demanda**.

- A **libre competencia**, pola que calquera individuo ou empresa pode realizar a actividade económica que desexe (cumprindo coa lexislación). As empresas poden fixar os prezos dos seus produtos, e os consumidores poden elexir que produtos mercar e a que prezo.

Os sistemas económicos do mundo



Os sistemas económicos do mundo

Monopolios e oligopolios

- Ás vecen danse situacións que transgreden a libre competencia:

- **Monopolio**: unha empresa controla un produto, polo que pode fixar a súa oferta ou o seu prezo.

- **Oligopolio**: hai apariencia de libre competencia, pero unhas poucas empresas teñen todo o control, e acordan os prezos ou condicións que lles benefician.



Monopolios e oligopolios

Monopolios e oligopolios

Coca-Cola
PEPSICO
KRAFT
Kellogg's
MARS
WRIGLEY
Nestlé
P&G
Johnson & Johnson
Unilever
GLACÉAU
DASANI
Tropicana
pepsi
Dole
Lay's
Quaker
Yum!
Cheerios
Chex
Golden Grahams
fibre 1
Nutri-Grain
Cadbury
Oreo
Triscuit
PREMIUM
Vittel
NESCAFÉ
Taster's Choice
Kit Kat
Aero
Oh Henry!
Rolo
Coffee Crisp
Smarties
Crunch
Butterfinger
Baby Ruth
Nestlé
MÖVENPICK
Drewry's
Wonka
L'ORÉAL
IAMS
Pringles
Gerber
Chef-mate
PowerBar
PURINA
Beneful
Friskies
Fancy Feast
Felix
ALPO
DIESEL
BOSS
DAWN
Tide
Cascade
Downy
cheer
GAIN
IVORY
Joy
Gillette
Old Spice
Secret
TAMPAX
always
Pampers
Charmin
Crest
Oral-B
Scope
Fixodent
Pepto-Bismol
VICKS
TYLENOL
Motrin
Pepcid
Imodium
SUDAFED
Splenda
Neutrogena
Aveeno
Lubriderm
Visine
Nizoral
ONE TOUCH
BAND-AID
LISTERINE
REACH
Carefree
Stayfree
Johnson's baby
nicorette
Nicoderm
DURACELL
PUR
BRAUN
Dove
AXE
Lever 2000
Sunsilk
VO5
Sunlight
Vim
Breeze
Comfort
Omo
Persil
Surf
Radiant
Skip
Slimfast
Becel
Knorr
Magnum
Ben & Jerry's
Cornetto
Popsicle
Calvé
Hellmann's
Amora
Maille
Uncle Ben's
Salida
Rexona
Lipton
Alberto
Pepsodent
M&M's
SNICKERS
Milky Way
Bounty
Twix
Skittles
Starburst
ALTOIDS
Whiskas
Royal Canin
Freedent
5 gum
excel
Juicy Fruit
Big Red
Extra
Orbit
Yoplait
Winchat
Pillsbury
Corn Flakes
Special K
Muesli
Crunchy Nut
Frosted Flakes
Raisin Bran
Rice Krispies
All-Bran
Mini-Wheats
Vector
Pop-Tarts
Eggo
Kashi
Cheez-It
Val Nature
Green Giant
Old El Paso
Findus
Taco Bell
Pizza Hut
A&W
Yum!
Crispy Minis
Harvest Crunch
Chewy
Gold Grahams
Toblerone
Milka
Daim
Côte d'Or
Bakers
vitaminwater
smartwater
Snapple
Dr Pepper
Clonakilty
Clorets
Trident
Dentyne
Stimorol
Hollywood
Chiclets
Certs
Chupa Chups
Mentos
Fruit Brute
Milkybar
Nestea
S.Pellegrino
Perrier
Jello
Maxwell House
Nabob
Kenco
Jacobs
Capri-Sun
Kool-Aid
Tang
Mr. Freeze
Philadelphia
Cracker Barrel
Sunshine
Ritz
Club
Oreo
Chips Ahoy!
Honey Maid
Graham Crackers
Teddy Grahams
Nilla
Wheat Thins
Triscuit
Ritz
Premium
Club
Cracker Barrel
Philadelphia
Sunshine
Kraft
Maxwell House
Nabob
Kenco
Jacobs
Capri-Sun
Kool-Aid
Tang
Mr. Freeze
Cadbury

A globalización económica

- A **globalización económica** é un proceso de **progresiva liberalización dos intercambios internacionais.** Consecuencia disto é a maior integración económica, xerando unha maior dependencia.

- Liberalizar os intercambios significa **reducir os obstáculos** á libre circulación (aranceis, subvencións, limitación de importacións ou normativas de calidade).

A globalización económica



Ánimo co estudo!